

CARL JONAS LOVE ALMQVIST

As nosas normas

Traducido por Marta Dahlgren



Hugin e Munin

CAPÍTULO I

Unha encantadora e curiosa mestura. Do campo, non. Labrega, de ningún modo. Pero de clase alta tampouco.

Unha fermosa mañá dun xoves de xullo, unha multitude cruzaba por diante da igrexa de Riddarholmen, en Estocolmo, para logo baixar ás présas pola rúa que vai da Audiencia Nacional ás oficinas do Tesouro Público; o xentío corría coa intención de chegar a tempo ao peirao do lago Mälaren, onde aportaban os vapores, e subir sen demora pola pasarela da goleta Yngve Frey¹.

Chegada a hora da partida, o capitán mandara proceder ao desembarco dos acompañantes, que se despediron de forma atropelada das súas amizades, prestos a baixar e retornar ao molle. Izouse a pasarela e o vapor iniciou a singradura. Decorridos uns minutos, o barco arredárase do peirao.

—Non corra, señora, que xa lle é tarde! —murmurou burleiro algún que outro pasaxeiro ao ver que unha muller maior baixaba pola costa de Riddarholmen.

¹O vapor Yngve Frey, construído no estaleiro de Owen para o tráfico de pasaxeiros do lago Mälaren, levaba velas de goleta, ou sexa, de dous paus e gavia, para aproveitar a forza do vento e aforrar combustible se as condicións eran favorables.

Con grandes espaventos e axitando o pano, a tal dama quixo dar a entender que era unha pasaxeira máis e tiña que embarcar. Pero para ese fin non había ningún bote auxiliar alí atracado, e o vapor atopábase xa á altura do estaleiro de Owen e mesmo cruzaba veloz por diante do Hospital Militar.

A situación causou un fugaz sentimento de compaixón entre os viaxeiros non ben oíron na proa os berros afogados dunha pasaxeira nova: «Tía! Tía!». A moza semellaba non querer gritar moi forte por vergoña, pero ben se vía que fora tristemente separada dunha parente coa que seica contaba para facer a viaxe.

A tendencia dos seres humanos ao egoísmo propicia que axiña nos esquezamos do próximo; amais, os viaxeiros que mercan pasaxes en primeira clase ou na popa, raro é que se interesen polo que acontece en terceira, na proa ou no castelo de popa. A meirande parte da pasaxe «de clase alta» estaba conformada por cabaleiros de idade avanzada, case todos de aspecto triste, canda as súas esposas e fillos, estes non precisamente picariños, senón púberes, desprovistos xa da inocencia infantil pero aínda carentes de discernimento. Todas elas persoas sumamente egoístas, por razóns comprensibles. Estes rapaces e rapazas de esmerada educación a miúdo non son quen de facer as cousas en por si e andan seguido a pedichar: que se a un se lle desamalloou unha bota, que se outro perdeu unha luva ao lle caer pola borda; cando non teñen fame, teñen sede e, ao seu xuízo, non hai en todo o universo nada feito a dereitas. As nais, nesa etapa dos cativos, teñen moito que aturar, sen esquecer que por riba pasan as de Caín para subir e baixar polas estreitas escaleiras do vapor. Os pais, pola súa banda, tentan distraerse mastigando tabaco e lendo o xornal, o cal non obstante resulta

